

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 04-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Historia
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input checked="" type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster” da ACSUG de xullo de 2015.

Cumprimento do proxecto establecido:

O proxecto establecido na memoria da titulación, no marco das regulacións e procedementos marcados pola UVigo cúmprese de xeito satisfactorio. Malia existiren aspectos pendentes e susceptibles de mellora, estes son menores e, na súa meirande parte, foron detectados polos mecanismos internos de control e calidade, xa están previstas medidas para emendalos e atópanse, polo tanto, en vía de solución.

A planificación docente resulta axeitada e adáptase ás necesidades da modalidade semipresencial que se incorpora ao título.

Percíbese un intenso traballo de análise e reflexión sobre as necesidades dos axentes implicados. Constátase unha forte implantación e compromiso co SGIC, como ferramenta de traballo eficiente para a detección de incidencias e/ou posibles disfuncións na Universidade. A regularidade das súas reunións e o dinamismo das súas actividades faise patente no exame da documentación presentada.

Detéctase un labor de reforzo do PAT e de incremento da súa eficacia.

Ponse de manifesto o esforzo de actualización e adaptación da titulación ás necesidades formativas do alumnado, o impulso dado á promoción, o labor de mellora etc., por parte do persoal implicado no mestrado.

Plan de melloras do título:


O plan de melloras é concreto, realista e adecuado. Nas propostas que acolle materialízanse as reflexións realizadas -a través de diversas canles habilitadas- sobre os aspectos mellorables no desenvolvemento da titulación. Cómpre ter presente que o curso 2014-15 foi o ano de implantación deste mestrado, de xeito que se manifestan no funcionamento do título algunhas incidencias e aspectos que precisan de adaptación, como cousa esperable no primeiro ano de impartición.

O centro (Facultade de Historia) presentou no curso 2014-15 un total de 20 propostas de mellora, que atinxen a aspectos xerais (melloras da páxina web, incremento de participación nas enquisas) e específicos das titulacións, entre as que figura este mestrado. Segundo o IRD, xa foron executadas no presente curso o 40% das accións programadas.

Modificacións do plan de estudo:

Titulación de nova implantación (Memoria 2014).

Vigo, a 4 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

- Conforme excelente** **Conforme** **Non Conforme**
 A **B** **D**
 C

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	A
Sistema de Garantía de Calidade	A
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	B
Resultados de Aprendizaxe	B
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	<p>Revisadas as guías docentes dun total de seis materias, de xeito aleatorio, conséntase que se producen algunhas diverxencias co estipulado na memoria vixente da titulación (2014) en aspectos puntuais.</p> <p>As guías das materias revisadas están dispoñibles nas dúas linguas oficiais. Percíbese nalgúns casos a presenza de fragmentos nunha lingua, na versión da guía na outra. Son pequenos erros de carácter puntual.</p> <p>Tense en conta a semipresencialidade das ensinanzas.</p> <p>Existe unha falta de coincidencia na nomenclatura das competencias na memoria e nas guías (a mesma competencia aparece etiquetada de xeito diferente: CE da memoria aparece como CB nas guías, mentres que as CB das guías correspóndense con CG ('competencias xerais') na memoria.</p> <p>Deixando á parte esta cuestión, non atribuíble ás responsables do mestrado, détéctanse diverxencias no apartado das competencias. Estas diferenzas prodúcense de xeito sistemático, unha vez verificadas as competencias de seis materias: en varias guías aparecen competencias que non estaban previstas na memoria para esa materia mentres que, pola contra, faltan por recoller competencias que si figuran na memoria, vinculadas a esas disciplinas concretas.</p> <p>No relativo á planificación docente, á metodoloxía docente e á avaliación, os apartados figuran correctamente cumprimentados, mais détéctanse pequenas incoherencias internas e coa información consignada na memoria: na planificación docente contémpanse actividades que están ausentes da metodoloxía, na avaliación recóllense aspectos que están ausentes da metodoloxía</p>

	(Traballos e proxectos, por exemplo), ou ben incorpóranse nas guías metodolóxicas (sesión maxistral, por exemplo) ausentes da previsión para esa materia na memoria.
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	Da análise das actas das comisións de titulación e académicas despréndese que os mecanismos de coordinación docente son adecuados. Prodúcese reunións con regularidade e cunha periodicidade suficiente e trátanse nelas cuestións relevantes para o mestrado, derivadas de carencias detectadas polos axentes ou de carácter técnico-material, de queixas ou demandas do alumnado (adaptación de horarios), entre outras. As actas recollen as reflexións e propostas de mellora enunciadas polas persoas participantes. Nas actas reflíctese a existencia de distintos niveis de coordinación: de módulo e de prácticas, por exemplo, o que representa un aspecto moi positivo de articulación do labor de dirección do mestrado.

1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Discordancias no interior das guías entre metodoloxías, planificación docente e avaliación.	Non	[Revisar e completar]
Discordancia nas competencias asociadas ás materias, entre as guías docentes e a memoria.	Non	[Revisar e completar]

1.1.2 Valoración do Criterio:

Organización e Desenvolvemento	B
---------------------------------------	----------

1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E30	Mecanismos de coordinación docente funcionais e eficientes. Información completa, reflexión profunda.
Recomendacións para a mellora	E4	Revisar os apartados de competencias, metodoloxía, planificación docente e avaliación.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	A	<p>A información pública do título é clara, completa e ben detallada. Está presentada dun xeito útil, intuitivo e accesible.</p> <ul style="list-style-type: none"> Esta información está actualizada, tanto no relativo á estrutura do programa formativo da titulación: denominación dos módulos ou materias, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo das materias. Nas guías docentes obsérvase diverxencia no apartado das competencias xerais e específicas. O erro é sistemático. Información moi clara, detallada e accesible no relativo a horarios, aulas e calendarios de exames. Información satisfactoria, clara e accesible sobre o TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias etc.)
A información do SGC é completa?	A	<p>A información pública é completa e está actualizada. Recolle Manual, procesos, política e obxectivos de calidade, así como tamén plans de mellora, resultados académicos, seguimento do título, entre outros apartados.</p>
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	B	<p>A información está actualizada, aínda que incompleta. A súa presentación é intuitiva, aínda que o acceso sexa indirecto.</p> <ul style="list-style-type: none"> Profesorado: Información incompleta. Atópanse unicamente os nomes do persoal docente, os códigos do departamento (T06 ou depH05, por exemplo) ao que pertencen ou a palabra “externo” e a materia da que se ocupan. Non se ofrece información da súa experiencia docente e investigadora, categoría, liñas de investigación nin se ofrece un breve CV. Persoal de apoio por centro (número e cargo/posto desempeñado): Non se ofrecen directamente datos concretos sobre este persoal. Aínda que existe unha ligazón específica para “Recursos materiais e servizos”, esta remite ás webs dos centros implicados na docencia (FH, ETSI Minas e ESCRBCG). Nesa web atópase información clara, completa e facilmente accesible dun xeito intuitivo.

		<ul style="list-style-type: none"> Recursos materiais do título (Aulas, seminarios etc.). Non se ofrecen directamente datos concretos sobre estes recursos. Remítese á web da facultade de Historia, Nesa onde se atopa información clara, completa e facilmente accesible dun xeito intuitivo (Ver a alínea anterior).
A información dos resultados é completa?	A	<p>A información pública do título é comprensible, completa e figura actualizada.</p> <p>Dado que o mestrado se implanta no curso que debe ser avaliado, non poden ofrecerse certos datos, como a taxa de egresados que conseguiu emprego, por exemplo.</p>

1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Diverxencias nas competencias das guías docentes, respecto da memoria	Non	[Revisar as competencias]
Acceso indirecto á información acerca dos recursos humanos e materiais	Si	Ficha 15. Actualizar a páxina web e incluír os datos do profesorado.

1.2.2 Valoración do Criterio:

Información e Transparencia	A
------------------------------------	----------

1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E1 – E6	<p>A páxina web específica do mestrado posúe un formato modélico, en canto á sinxeleza e claridade na presentación dos datos.</p> <p>A información sobre a organización académica (no relativo á estrutura do programa formativo; horario, aulas e calendarios; TFG) e o SGC é moi completa.</p>
Recomendacións para a mellora	E1 – E6	Desacordo entre as competencias establecidas nas guías docentes e as presentes na memoria.
Fortaleza	E1 – E6	A información sobre resultados é completa.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Unha vez comprobados os rexistros pertinentes, a implantación do SGC percíbese como moi extensa e sólida, con mostras dun forte dinamismo. As reunións prodúcense con regularidade. O Sistema aparece consolidado e ofrece claras mostras de actividade e reflexión sobre as necesidades, desaxustes e problemáticas da docencia da titulación.
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Compróbase que nas Actas da Comisión son tratados asuntos xurdidos da implantación dos procedementos de coordinación, plan de acción tutorial, orientación, prácticas e promoción, así como cuestións relativas ao seguimento, resultados e accións de mellora.

1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.3.2 Valoración do Criterio:

Sistema de Garantía de Calidade A

1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E05- E7-E8	Forte implantación do SGC. Dinamismo, actividade, reflexión, capacidade de reacción fronte ás incidencias e peticións dos axentes, axilidade.
Fortaleza	E30	Bo funcionamento dos procedementos de análise da titulación, das súas necesidades e das posibilidades de mellora.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	Lévase a cabo unha análise e reflexión sobre a participación, os resultados obtidos na EAD e sobre os datos proporcionados pola UVIGODAT (taxa de rendemento, de eficiencia etc.). No Informe de Revisión pola Dirección (IRD) conséntase a escasa participación do alumnado do centro nas EAD como aspecto relevante que lles resta representatividade. Enténdese como un punto débil que precisa mellora e reflexiónase sobre o xeito de aumentar os índices de participación. Dado que é un mestrado no seu primeiro ano de impartición, non hai posibilidade de comparar resultados e, polo tato, analizar a evolución.
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Os datos de satisfacción son positivos para o profesorado (4,19/5) e aceptables no caso do alumnado (3,32/5). O IRD pon de manifesto os bos resultados obtidos no grao de satisfacción coas prácticas académicas externas (nos sectores de profesorado e alumnado). Os datos son obxecto de reflexión e análise por parte das persoas responsables da titulación. Indicador 03.
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	Lévase a cabo unha análise e reflexión sobre os resultados obtidos na EAD. No Informe de Revisión pola Dirección conséntase a escasa participación do alumnado nas EAD e reflexiónase sobre medidas e accións para melloralas. Os datos son razoables e as reflexións sobre eles son acaídas.

1.4.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Participación do alumnado	Si	Ficha 3. Adecuadas (sesións orientativas, difusión). Realizadas parcialmente.
Índice de satisfacción coas medidas de acollida e orientación ao estudiantado	Si	Ficha 7. Adecuadas (reunións, coordinación). Realizadas parcialmente.
Índice de satisfacción coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas	Si	Ficha 8. Adecuadas [Axuste dos horarios para permitir a continuidade do mestrado]. Planificada. Ficha 12. Adecuadas [Sobrecarga de traballo]. Planificada.

1.4.2 Valoración do Criterio:

Recursos Humanos	B
-------------------------	----------

1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E27	Autocrítica a partir dos datos e reflexión do persoal responsables, cunha notable implicación na detección das incidencias detectadas.
Fortaleza	I03	Grao de satisfacción do profesorado enquisado.
Recomendacións para a mellora	I07	Escasa participación do alumnado, detectada xa polas responsables do título na súa autoanálise.
Recomendacións para a mellora	I03	Índices de satisfacción sobre a planificación e desenvolvemento das ensinanzas e sobre a acollida ao estudantado.

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	O grao medio de satisfacción do alumnado é mellorable (3.32/5), mentres que no caso do profesorado ascende a 4.19/5. O feito de ser o primeiro ano desta titulación (que implica a tres centros) leva consigo a necesidade de ir adaptándose ás novas necesidades (de carácter tecnolóxico) que xurdan. O feito de ser tres os centros implicados no desenvolvemento do mestrado. Indicador 03

1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Índice de satisfacción baixo do alumnado en relación cos recursos	Si	Ficha 16. Adecuada (recursos informáticos, software). Planificada.

1.5.2 Valoración do Criterio:

Recursos Materiais e Servizos B

1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I03	Dotación de recursos técnicos e tecnolóxicos suficientes, actualizados e adaptados ás necesidades de aprendizaxe.

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	A distribución das cualificacións é razoable e equilibrada. O número total de traballos defendidos é anormalmente baixo.
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	Da análise dos datos das cualificacións por materias despréndese que son razoables. No caso das taxas de TFM, detéctase un fortísimo descenso de alumnado presentado (só 3 no curso 2014-15, de 21 inscritos), o que supón unha anomalía. No Informe de Revisión pola Dirección reflíctense estes datos e son analizados. Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accédese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escóllese o informe “AC-E08- Cualificación de cada unha das materias”

1.6.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Escasez de TFM presentados e defendidos	Si	Ficha 17. Adecuada. Modificación da normativa de TFM, reforzo e modificación do calendario, melloras na orientación ao alumnado.

1.6.2 Valoración do Criterio:

Resultados de Aprendizaxe B

1.6.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E25-E17	A distribución das cualificacións é razoable e equilibrada.
Fortaleza	E28 - E 18	A distribución das cualificacións é razoable e equilibrada.
Recomendacións para a mellora	E25-E17	Baixo número de TFM presentados e defendidos.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	<p>No Informe de Revisión pola Dirección recóllense os datos e a reflexión sobre eles.</p> <p>Os datos de satisfacción globais son positivos para o profesorado (superan o 4/5) e aceptables no caso do alumnado (superiores a 3/5). A media resultante é 3.71.</p> <p>A porcentaxe de participación do alumnado pode considerarse mellorable: aínda que alcanza o 42% e supera os índices de participación doutras titulacións da UVigo, non se pode considerar aínda suficiente. No caso do profesorado a participación é notable (68%) e, polo tanto, representativa.</p>
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	<p>Dado que é o ano de implantación da titulación, non se pode establecer comparación con cursos anteriores.</p> <p>A Dirección valora moi positivamente a participación nas enquisas, dado que supera a rexistrada en cursos anteriores no centro. Tamén se valora de xeito positivo o grao de satisfacción neste informe (23-3-2016).</p>
Indicadores:	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	<p>Dado que é o ano de implantación da titulación, non é posible efectuar unha comprobación da evolución de estudantado inscrito. O número de estudantes (21) percíbese como adecuado.</p> <p>Indicador 01.</p>
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<p>Neste primeiro ano de implantación da titulación, os datos de satisfacción considéranse aceptables, aínda que mellorables fundamentalmente no sector do alumnado.</p> <p>Indicador 03</p>
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	<p>Análise das taxas de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito e avaliación e outros indicadores do SGC (de xeito global).</p> <p>En conxunto, percíbese un forte desequilibrio entre o volume de alumnado e o volume de alumnado graduado.</p> <p>Taxa de graduación: 14.29% (só se graduaron 3 persoas (homes) das 23 persoas matriculadas no curso 2014-15).</p> <p>Taxa de abandono: 0% [Non hai datos].</p> <p>Taxa de eficiencia sitúase nun 100%.</p> <p>Taxa de rendemento: 75.71% nos alumnos e 62.61% nas alumnas.</p> <p>Taxa de éxito (95.51%) e avaliación: (70.63%).</p> <p>Indicador 11.</p>
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	<p>Os datos de ocupación, preferencia e adecuación aparecen reflectidos tamén no IRD. A dirección considera axeitada a taxa de ocupación (105%), e propónse elevar para o curso seguinte as taxas de preferencia (de 125% en 2014-15 a unha previsión de 200%) e de adecuación (de 85,71% a 100%).</p> <p>Sobre a nota media de acceso non se recolle no IRD ningunha reflexión. Non se pode comparar con anos anteriores.</p> <p>Indicador 12.</p>

1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixa taxa de graduación	Si	Ficha 17. Accións para a mellora da eficiencia e do rendemento. Van ben encamiñadas. Mellora de distintos aspectos de planificación académica e coordinación. Ficha 18. Accións para reducir o abandono. Esforzos para determinar as causas do abandono.

1.7.2 Valoración do Criterio:

Indicadores de Satisfacción e Rendemento B

1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I11	Porcentaxe moi baixa de alumnado graduado.

1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input checked="" type="checkbox"/> Conforme excelente	<input type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input checked="" type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	A	<ul style="list-style-type: none"> Existe un completo e detallado plan de mellora, que recolle distintas incidencias e debilidades da titulación. O plan demostra un alto grao de análise, reflexión, coordinación e compromiso para identificar e solucionar os problemas. Con todo, detectamos puntos débiles que non figuran nese plan de melloras. <ul style="list-style-type: none"> -Criterio 1 (E4), Criterio 2 (E1-E6): Discordancia nas competencias asociadas ás materias entre a memoria e algunhas guías. -Criterio 1 (E4): Pequenas discordancias no interior das guías (planificación-avaliación). Consideramos que estes pequenos aspectos posúen unha relevancia menor.
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	A	<ul style="list-style-type: none"> Os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora, que se consideran adecuadas. As actuacións que se pretende desenvolver xorden da análise e da reflexión sobre as incidencias detectadas polas responsables da titulación. Asígnanse adecuadamente os actores responsables de executar as accións (coordinacións, dirección) e establécense prazos razoables e axeitados para levalas a cabo.

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E30, E4	Análise, reflexión e implicación da Comisión de Calidade.
Fortaleza	E05-E7-E8, E30, E27, I03, I07	Reflexión, diagnóstico e dinamismo na procura de mellora das persoas responsables da titulación.
Fortaleza		Elaboración e actualización de cadros de acción de mellora detallados.

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

3. Modificacións do plan de estudos

3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que se detectaron no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado
Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	